



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O NOME DA PERSOA ASPIRANTE SELECCIONADA E O LISTADO DAS NON SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO NA MODALIDADE DE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, aproba o plan específico de explotación de ourizo na modalidade a pé da Confraría da Guarda, no que figura un número máximo de nove (9) participantes durante o seu desenvolvemento.
2. O 10 de novembro de 2022 a Confraría da Guarda solicita o inicio do proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza vacante de ourizo, na modalidade a pé.
3. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, o 21 de novembro de 2022 convócase un proceso selectivo para acceso a unha (1) praza de ourizo na modalidade a pé no ámbito da Confraría da Guarda. Este proceso vai dirixido a aquelas persoas con permiso de percebe a pé vixente e que participen no plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé da Confraría da Guarda aprobado para o trienio 2022-2023.
4. Mediante Resolución do 21 de decembro de 2022 publicáronse as listas provisionais de admitidos no proceso selectivo coa puntuación acadada e ábrese un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións. Houbo unha persoa excluída do proceso.
5. Presentáronse 3 escritos de alegacións. Foi estimado 1 deles e modificada a súa puntuación.
6. Despois da revisión das puntuacións acadadas polos participantes no proceso compróbase que na lista de admitidos existen 2 empates cun máximo de 7 puntos, polo que se ten que realizar un sorteo segundo o establecido na normativa vixente. O 17 de xaneiro de 2023 foi convocado o sorteo que se celebrou o día 25 de xaneiro de 2023 en presenza das persoas afectadas. Foi publicada a acta resultante do sorteo ese mesmo día.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación, de acordo co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula nos artigos 9 a 15 o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos.





De acordo co anteriormente indicado e de conformidade co establecido na base III do anexo A da Resolución publicada o 21 de novembro de 2022, pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de ourizo na modalidade de a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría da Guarda así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

1. Facer público o nome da persoa que superou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de ourizo na modalidade a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría da Guarda e o listado das que non o superaron, xunto coas puntuacións obtidas.
2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas constituirá unha **lista de reserva** que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución definitiva.
3. A persoa seleccionada disporá dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:
 - a) **Certificado de estar empadroad/a nun municipio do litoral de Galicia.**
 - b) **Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.**

A documentación indicada no apartado a) e b) non será necesaria que se presente no caso de ter indicado na solicitude inicial o consentimento expreso da persoa para comprobar os datos mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

- c) **Documento acreditativo de non estar incapacitado/a para exercer os labores de marisqueo.**

Esta documentación deberá dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais, co requisito de non





ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

Se a persoa seleccionada non presentase a documentación dentro do prazo fixado, ou se do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na Base I.1, entenderase que desiste da solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova Resolución, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada a seguinte persoa da lista de non seleccionados.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da Confraría da Guarda.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos





ANEXO I
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS - OURIZO NA MODALIDADE A PÉ
CONFRARÍA DA GUARDA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3.a	3.b	3.c	4	Total
1	ADROVER GONZÁLEZ, PABLO	* * * 7001 * *	0,00	3,28	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00	7,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: experiencia profesional na extracción de recursos mariños:

Apartado 3.a: permex a pé de recursos específicos

Apartado 3.b: permex a pé de marisqueo xeral

Apartado 3.c: enroles

Apartado 4: por estar empadroad/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión





ANEXO II
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS- LISTA DE RESERVA – OURIZO NA MODALIDADE A PÉ

CONFRARÍA DA GUARDA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3.a	3.b	3.c	4	Total
1	PÉREZ ESTÉVEZ, DIEGO	* * * 7175 * *	0,00	3,48	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	7,00
2	MARTÍNEZ ALONSO, LUCÍA	* * * 0143 * *	0,00	1,80	0,35	2,00	0,00	0,00	2,00	6,15
3	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARIA DOLORES	* * * 5650 * *	0,00	1,92	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	6,07
4	MARTÍNEZ GONZÁLEZ, VICTOR MANUEL	* * * 0602 * *	0,00	1,20	0,25	2,00	0,00	0,00	2,00	5,45
5	MARTÍNEZ GUERREIRO, MARÍA INÉS	* * * 9739 * *	0,00	1,20	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	5,35
6	DORADO CARMODY, FIONA ALICE	* * * 9286 * *	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	4,15
7	MARIÑO ESTÉVEZ, JOSEFA	* * * 9880 * *	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	4,15
8	PILARTE TARDÓN, MARIA ISABEL	* * * 2506 * *	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00	4,15

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: experiencia profesional na extracción de recursos mariños:

Apartado 3.a: permex a pé de recursos específicos

Apartado 3.b: permex a pé de marisqueo xeral

Apartado 3.c: enroles

Apartado 4: por estar empadroad/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión





CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1.- PARO: tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (puntuación máxima 3 puntos).

2.- FORMACIÓN:

2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé para recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 21 de novembro de 2022 da Xefatura Territorial de Vigo pola que se convoca o proceso selectivo.

2.B TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,50 puntos. Ás persoas que posúan algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

3- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS:

3A PERMEX A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 1 punto por ano completo

3B PERMEX A PÉ DE MARISQUEO XERAL: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 0,5 puntos por ano completo

3C ENROLES: tempo enrolado como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade no seu permiso de explotación nos 2 anteriores á convocatoria. 0,04 puntos por mes completo sempre que a actividade rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

A suma de puntos do apartado de experiencia profesional non superará os 2 puntos máximo.

4.- PADRÓN: Por estar empadroadado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. 2 puntos.

